

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEDEIRA

Anuncio resolución Alcaldía proceso estabilización dous (2) peóns

ANUNCIO

O Sr. Alcalde do Concello de Cedeira fai saber:

Que, mediante Resolución da Alcaldía ditada no expediente 2023/E001/000022, resolveuse aprobar a relación definitiva das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas (2) prazas de peón, persoal laboral fixo a xornada completa, incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria de 2022 para a estabilización do emprego temporal, así como aceptar a proposta do Tribunal cualificador de contratación das persoas aspirantes que obtiveron a maior puntuación.

De conformidade co disposto nas Bases Xerais reguladoras do proceso, requírese ás persoas propostas para a contratación para que presenten no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a documentación prevista nas bases 18ª e 20ª, para os efectos da posterior formalización do contrato de traballo.

As persoas propostas son as seguintes:

Apelidos e nome	Puntuación
Javier Núñez González	100,00
Javier Calvo Rodríguez	97,97

Advírtese que a falta de presentación da documentación no prazo indicado, salvo causa de forza maior debidamente acreditada, ou a carencia dos requisitos esixidos, determinará a perda do dereito á contratación, nos termos previstos nas bases reguladoras.

O texto íntegro da resolución atópase publicado na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Cedeira.

Cedeira, 15 de xullo de 2026.

O ALCALDE

Asdo.- Pablo Diego Moreda Gil

2026/4768